



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2024/E001/000003. Proceso selectivo dunha praza de persoal laboral fixo operario de servizos varios, identificado na Relación de Postos de Traballo co número 02.00.00.03, con carácter definitivo a través do procedemento de oposición libre incluída na oferta de emprego público do ano 2023. Lista provisional de admitidos e excluídos**

## ANTECEDENTES:

15.01.2024. Por Decreto da Alcaldía n.º 14/2024, aprobáronse as bases que rexerán na convocatoria do proceso selectivo dunha praza de persoal laboral fixo operario de servizos varios, identificado na Relación de Postos de Traballo co número 02.00.00.03, con carácter definitivo a través do procedemento de oposición libre incluída na oferta de emprego público do ano 2023.

23.01.2024. Publicouse o anuncio da aprobación das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 17.

13.03.2024 Publicouse no Diario Oficial de Galicia n.º 52 o anuncio do extracto da convocatoria.

22.03.2024 Publicouse no Boletín Oficial do Estado n.º 72 a Resolución de 14 de marzo de 2024, referente á convocatoria para prover a praza, iniciándose o cómputo dos 20 días naturais de presentación de instancias o 23.03.2024 ata o 11.04.2024 (ambos inclusivos).

## Solicitudes de participación:

Apelidos e nome	DNI
Amigo Barcala Ignacio	***4485**
Corbelle Carou Felipe	***1358**
Iglesias Penas Julio	***4835**
López Tojo Juan Ramón	***9080**
Pampín Budiño Javier Ignacio	***9377**

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.

- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Bases e a convocatoria para realización dun proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero para a avaliación, elaboración e implantación do Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Touro.

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo dunha praza de persoal laboral fixo operario de servizos varios, identificado na Relación de Postos de Traballo co número 02.00.00.03, con carácter definitivo a través do procedemento de oposición libre incluída na oferta de emprego público do ano 2023.

### PERSOAS ADMITIDAS

Apelidos e nome	DNI
Amigo Barcala Ignacio	***4485**
Corbelle Carou Felipe	***1358**
Iglesias Penas Julio	***4835**
Pampín Budiño Javier Ignacio	***9377**

### PERSOAS EXCLUÍDAS

Apelidos e nome	DNI	Causa de exclusión
López Tojo Juan Ramón	***9080**	1

**\* Causa 1: Non acredita ter en vigor o permiso de conducir tipo C1.**

**SEGUNDO.** Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, outorgando un prazo de dez (10) días naturais computados dende o día seguinte da súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, para que os interesados que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

Mándao e asínao o señor alcalde Roberto Castro Rocamonde en Touro na data da sinatura electrónica á marxe, do que eu, José López González, secretario-interventor dou fe.